

# DE PUNTA A CHICOTE

## ASÍ FALAN OS MARIÑEOS

(Locucións, ditos, refráns e outras combinacións frecuentes)

Paco Rivas



Primeira edición, agosto 2015

© do autor: Paco Rivas

Maquetación: Rosa Escalante Castro | Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.  
Pol. ind. A Reigosa, parcela 19  
36827 Ponte Caldelas, Pontevedra  
Tel.: 986 761 045  
cumio@cumio.com|www.cumio.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-509-3

Depósito legal: VG 496-2015

Impreso en Galicia

# LIMIAR

## Folas de mar

O poeta, mestre e lingüista Paco Rivas ten raíces labregas na Terra Chá, en Castro de Ribeiras de Lea, polo seu pai e nas terras da Lavacolla pola súa nai. El é mariñao, nado en Cervo, onde o pai era garda civil; pero de moi picariño pasou a vivir na freguesía focega de Nois, onde se criou correndo polos prados e polas congostras, montando nos carros, nos burros e nas grades dos veciños labregos da aldea e participando nas mallas, mesmo en partos das vacas.

A súa fonda implicación desde a infancia co mundo campesiño reflectiuna en *Contos de onte para contar mañá* (2007), ambientados en Castro de Ribeiras de Lea, na Lavacolla, na Sionlla ou en Santiago, a partir de historias que lle escoitaba a súa nai, gran contadora de soños, que de nena ía a pé desde A Lavacolla a Compostela cunha cacharra de leite á cabeza para vendelo polas casas; e anos despois, pastaría gando en veigas compostelás que hoxe son parte da cidade.

### 1. Descubrimento do mar

Paco Rivas comezou a notar a presenza do mar desde meniño nas duras noites de invernia en que o forte nordés da Mariña fendía os vidros da ventá do cuarto onde durmía. As primeiras veces que se achegou a el foi da man de súa nai, cando ía á praia das Polas de Nois apañar “casarilla”

(cunchiñas de todo tipo esmagadas) para botárllela ás galiñas, pois o calcio das cunchas endurecece a casca dos ovos; e tamén cando acompañaba a nai ata o xogal da Raxoa onde limpaba as tripas do porco para logo facer embutidos. Mentres a nai facía ese labor, en días de brisa moi fría do mes de nadal en que facían a mata, o fillo gozaba vendo como traballaba o mar nas xógaras, tal como evoca no epílogo dos *Contos de onte para contar mañá*:

Pero eu, mentres, seguía a gozar da miña aventura —non hai que esquecer que ese día chegaba a onde non chegaba en todo o ano—. Non sabía para onde mirar... Ás máis das veces miraba para o mar. Moito me gustaba velo como se batía co xogal, que tampouco se quedaba atrás, e poñíalle unha grande resistencia naquela batalla interminable que se estaba a dar entre as vagas e as xógaras. O mar moito batía nelas. Eran golpes secos, golpes que se lle metían ás xógaras polo medio, e que lle minaban o chan que era de area, para que caesen e fosen arrollo unhas por riba das outras laiando e dando tombos, compasadamente... ¡Bruuummm!, co abalo. ¡Bruuummm!, co devalo.

Se a nai estaba concentrada no seu traballo, o seu pícaro aproveitaba para se achegar á praia das Polas, que queda xusto do outro lado do xogal da Raxoa, para facer exploracións:

E, ¡meus tuñños!, ¡que espectáculo!, ¡que espectáculo ver como se deitaban aquelas ondas tan grandes no corpiño mol da praia! Ver como subían cara o ceo as cores verdes e azuis que carrexaba cada onda no seu cabalo. Ver como a brisa envolvía o salitre nun asubío, desde o mesmo leito de morte da onda, e o carrexaba polo prado onde eu estaba para seguir pola veiga arriba e chegar ata o monte, ata o pico do Faro o punto máis alto que hai en Nois—, para alí mesturarse co arume dos piñeiros. ¡Mar e piñeiros!

De neno tamén se achegaba ao mar con seu pai para andaren aos polbos co zamaio, con el aprendeu as covas onde se mete o polbo e con el aprendeu a collelos coa man. Levaba un bicigueiro co que despois achicaba as pozas para coller bígigas, mógaros, barbadas... e algún que outro polbo, porque daquela seica había moitos.

Con todo, seus pais consideraban que o mar era perigoso, polo que de pícaro non o deixaban ir cos mariñeiros, nin tan sequera achegarse aos botes atracados no acolledor portiño de Nois, que se amarraban en buracos feitos nos cons, aínda hoxe ben visibles como pegadas da época en que os botes entraban e saían pola “canal”. Xa con oito ou nove anos, Paco Rivas puido subir a un daqueles botes, que hai tempo desapareceiron dun portiño que fora baleeiro e madeireiro.

Deixou Nois con dez anos para ir estudar Bacharelato e Maxisterio a Lugo, e logo viviu e traballou en diversas vilas do interior de Galicia, á vez que acudía á Universidade compostelá para se licenciar como filólogo; pero nas vacacións sempre volvía a Nois, a súa Ítaca, para se mergullar no mundo do mar desde que no final do Bacharelato unha noite foi ás nasas e aos miños con veciños seus, e anos despois andou ao congro co palangre, á centola coa tina... mesmo andou a apañar *olgas* cando o mar devalaba.

O mar foise incorporando de cheo na súa vida e acabou por ser a súa gran paixón. Garda a lembranza dos anos en que o cabalgaba andando a pescar con diversas artes, que foi o seu bautismo nunha cultura e nun modo de estar no mundo que descoñecía totalmente; e desde que se prexubilou e pasou a vivir en Nois, leva anos mantendo contacto case diario con mariñeiros, ben nas chabolas do porto de Foz, ben xogando ás cartas ou ao dominó con eles na taberna en Nois, onde calquera clase de papel lle serviu para anotar unha expresión, un refrán ou un termo mariñeiro que escoitaba; e tamén está en contacto con atadoras que *afeitan* os rotos das redes e con algunha *olgueira* coa que na marea baixa apañaba algas para secar.

## 2. Mareas de expresións fraseolóxicas

Froito desa relación de anos con homes e mulleres do mar de Nois (e de Foz) son diversos traballos de fraseoloxía mariñeira que desde 1993 Paco Rivas foi dando a coñecer. No 2005 editou o *Dicionario Fraseolóxico do mar. Así falan os mariñaos*, que a xeito de apéndice contiña un breve vocabulario. A maior parte das locucións e outro material das entradas dese dicionario eran do mundo mariñeiro; con todo, ás veces eran locucións e expresións fraseolóxicas de orixe labrega (*poñer o carro diante dos*

*bois*) ou non tiñan relación directa co mar nin coa terra (*facerlle o conto a alguén, facerlle un traxe a alguén*), aínda que nestas e nas expresións de procedencia rural a exemplificación case sempre correspondía a unha situación referida ao mundo mariñeiro.

Despois de anos de reelaboración do dicionario do 2005, con engadido de bastante material que foi apañando, redactou o dicionario *De punta a chicote. Así falan os mariñaos (locucións, ditos, refráns e outras combinacións frecuentes)* no que se debullan expresións dos mariñeiros de Foz e da Mariña lucense. Esta obra ten como complemento *Entre o abalo e a zaranda. Léxico do mar*, que contén, sobre todo, explicacións ou aclaracións do vocabulario das entradas de *De punta a chicote*, locución mariñá moi popular para expresar a totalidade referida a cousas do mar ou da terra, que no caso do mar máis ben fai referencia “ás redes cando rompen; a unha desfeita, a un roto moi grande que se fai no aparello”.

*De punta a chicote* é esencialmente un dicionario de fraseoloxía, termo que, como ocorría no dicionario do 2005, hai que entendela nun sentido moi amplo da palabra, xa que a carón de locucións inequívocas e de refráns e ditos, un bo quión das entradas son expresións que poderían considerarse colocacións, que moitos lingüistas sitúan dentro da fraseoloxía. Aínda que cada autor emprega o termo colocación cun significado diferente, e mesmo a miúdo o uso que fan del non é coherente co xeito de o definiren, a idea xeral é que as colocacións son combinacións frecuentes de palabras ou expresións fraseolóxicas, entre as que podería incluírse, *lanzar unha sísiga*, moi popular na Mariña, para designar a acción de tirar ao peirao un chicote que leva amarrado un cabo máis grosa co que se atraca unha embarcación ou ben tirarlle a outro barco ese chicote con ese cabo máis grosa para poder ser remolcado.

Outra colocación sería *largar ao aparato* para se referir á acción de tirar as redes ao mar guiados polos sinais que dan a sonda ou o sonar ao detectarse peixe no *aparato*, mostra clara de como as novas tecnoloxías fan mudar os ditos do mar, pois “este dito, que xa está fixado, nace cando se introducen a bordo das embarcacións de pesca o sonar e outros aparellos que, mirando para eles, non fan necesario observar o mar desde a embarcación”. Esta moderna expresión substitúe a tradicional *largar en ardor* (ou *largar en ardora*), onde o substantivo designa a luminosidade ou “brasa” que fan as augas en noites escuras ao moverse o peixe que anda en cardume, como

ocorre co bonito, coa sardiña, co bocarte, co xurelo ou co sargo; e ese *ardor* permite a localización do peixe para poder logo pescalo.

Tamén podería entrar neste apartado de colocacións a combinación de *andar*, co significado de pescar, con frases preposicionais cun substantivo, que pode referirse a un peixe (*andar ao bonito*), a unha arte de pesca (*andar á cacea, andar ás nasas*), a un barco e a unha arte de pesca asemade (*andar á tarrafá*), a un xeito de pescar (*andar ao ardor, andar ao gueldeo*) etc. Unhas cantas colocacións ou expresións fraseolóxicas con *andar* refírense á pesca do bonito, de tanta importancia nalgún porto da Mariña, como *andar á trolleira* (ou *na trolleira*), cando se pesca despois de velo de día mareando e saltando na tona da auga; *andar ás pardelas*, cando se pesca logo de avistalo polo voo desas aves parecidas ás gaviotas; e de enxergarse o bonito guiándose polas toliñas ou golfiños, fálase de *andar ao toliñal* (ou *no toliñal*). No caso da sardiña, dise *andar ao saltido* ao pescarse de noite “seguíndoa polo ruído que fai cando, ao caer dos saltos que dá, peta contra as augas”.

Nalgunha das colocacións con *andar* (e noutras moitas entradas do dicionario), á parte da definición, danse notas etnográficas moi diversas, como en *andar á agulla*, referida á captura deste peixe, que na primavera e verán se achega “á costa formando grandes bandos, e a súa captura ten lugar durante as faenas de cerco da sardiña, aínda que a súa carne é dura e seca e, xeralmente, pouco apreciada. Tamén se captura por terra, con lanchas de baixura, con medios máis artesanais”. Neste caso úsase a expresión fraseolóxica *talaíar as agullas*, pescalas con talaíeiro, un home que “andaba por terra mirando onde saltaban para avisar, con sinais, aos mariñeiros que ían na lancha á posta, onde tiñan que largar”. E hai entradas onde, ademais, se dan notas sobre a historia da expresión na Mariña, como ocorre con *andar ao carreto* (ou con *explotar coma Machibaco*).

En moitas expresións fraseolóxicas existe unha primeira acepción mariñeira e unha segunda figurada que se emprega en terra. É o caso de *andar ás miñocas*, que designa a acción de coller este invertebrado para usalo como cebo, sobre todo na pesca con cana, e figuradamente é estar sen diñeiro; *comer a carnada e cagar no amocelo* significa escapar o peixe despois de estar enganchado no anzó, e tamén significa burlarse de alguén, aparentar que se está a ser enganado cando non é así, máis ben ao contrario; *deixar os trasmallos largos* refírese á acción de largar esta arte e deixala ata que se vaia levantar para coller todo o peixe que mallou, e tamén é facerlle as beiras a

alguén; *ir* (ou *vir*) *vento en popa* é navegar co vento a favor, e tamén é ir ben as cousas a alguén; *ter o peixe na posta* significa reunir o peixe nun lugar axeitado, onde se lle bota engado para poder pescalo, e tamén significa estar a punto de facer unha conquista amorosa, e o mesmo ocorre noutras expresións cun sentido recto e outro figurado.

Ás veces as expresións fraseolóxicas só se empregan figuradamente, como *arar no mar*, en referencia á perda do tempo nun esforzo inútil ou *verse o fondo a corenta brazas*, que ironicamente se usa para indicar que unha comida é moi clara, augada, sobre todo o caldo ou a sopa, ou que o é unha bebida coma o café.

No galego dos mariñaos rexístranse locucións substantivas cunha única acepción, como *café de popa* para o bo café e *café de proa* para o café moi malo. A explicación da primeira expresión está en que “na popa do barco sempre van o maquinista, o patrón..., e sempre teñen mellor servizo, tanto na comida como na bebida”, mentres que a segunda se explica polo feito de os mariñeiros iren na proa, “de aí que, tanto a comida como a bebida sexan, normalmente, de peor calidade”. Outras locucións substantivas teñen máis dunha acepción, como *chicote á cara*, que pode significar fracaso na pesca ou en calquera outra actividade, erro que produce un dano ou ben intento dunha persoa de intimar afectiva ou sexualmente con outra.

Tamén rexistra Paco Rivas moi diversas expresións fraseolóxicas cun substantivo na base, como *barco mariñeiro* para designar a embarcación de excelente navegación, *popa arrastro* para a persoa de cu caído, *mariñeiro lagañoso* para quen ten pouca experiencia no traballo do mar e *refacho de vento* para o golpe forte de vento que chega inesperadamente. Outra expresión dese tipo é *folia de mar*, que designa unha onda pequena, o movemento suave do mar con ondas pequenas ou a marusía pequena, e admite gradacións no seu uso como *foliña de mar*, *foliña de nada* e *foliño de mar*.

### 3. Unha marea de refráns

A observación dos peixes, dos golfinhos e das gaivotas permite adiviñar o estado do mar, o que deu orixe a diversas expresións e, sobre todo, a unha marea de refráns. A expresión fraseolóxica *dar o mal tempo (o peixe)*

indica que vén mal tempo cando se observa que os peixes se moven moito e nadan sen parar dun lado para o outro, mentres que o refrán *delfín que moito salta, vento espera, que non espanta* se usa para expresar que vai vir vento cando os mariñeiros observan que os golfinhos saltan na auga. O refrán *gaivotas en terra, mariñeiros á merda* indica mal tempo, mentres que o refrán *gaivotas no mar, mariñeiros a pescar* é mostra do contrario, como o é a expresión *ver un roda*, pois segundo o saber tradicional mariñeiro a visión dun peixe lúa (*roda*) saltando é sinal de bo tempo.

Tamén se pode adiviñar o estado do mar coa observación das nubes á *alba*, a primeira luz do día. A aparición entre o mar e o sol dun neboeiro (*alba alta*) aconsella arriar as velas, navegar coas velas baixas, e se a embarcación non é a vela, cómpre navegar con precaución porque os ventos van ser fortes dabondo, o que se expresa co refrán *alba alta, vela baixa*. Cando aparece unha raia máis clara ao longo do horizonte, situada sobre o mar entre dúas pequenas “paredes” neboentas (*alba baixa*), é sinal de ventos frouxos ou brisas suaves, polo que se pode navegar coas velas izadas; e de non ser a vela, a embarcación pode seguir navegando ou pescando sen problema, o que se expresa co refrán *alba baixa, vela alta*. E se polo leste as nubes teñen cor vermella, é sinal de que vai vir mal tempo, e de aí o refrán *alba ruba ou vento ou chuvia* (e a variante *rubiño de alba, mal tempo agarda*).

Recóllense neste dicionario moitos outros refráns, algúns ben coñecidos, como *por San Xoán, a sardiña xa unta o pan* para indicar que no mes de xuño este peixe está mellor para comer, porque solta a graxa que lle dá un bo sabor; ou *en martes non te cases nin te embarques* para se referir a ese día da semana que trae mala sorte para empezar algo, polo que non se debe estrear ningún aparello ou arte o martes e debe evitarse sempre saír de marea ou de costeira. O refrán *as troitas non se collen a bragas enxoiatas*, co que se indica que para conseguir algo cómpre esforzarse, é máis coñecido posiblemente na Galicia interior ca na litoral.

Outros refráns deben ser propios da Mariña, como *a quen tarde embarca, nunca un remo torto lle falta*, que se refire ás persoas preguiceiras, pouco puntuais sobre todo no traballo, que ao chegaren tarde para embarcar teñen como recompensa o peor dos traballos, o remo torto, o que xa deixaron os outros mariñeiros do barco; e por extensión aplícase a calquera actividade para indicar que a persoa que chega derradeira colle o peor traballo ou ten moitas posibilidades de que así sexa.

Hai refráns en que se reflicte o desprezo que antano se manifestaba por algúns peixes, como *non comas raia por ben que che vaia*, aínda que hoxe na Mariña e noutras zonas do litoral galego é un peixe ben valorado, do que é proba que en Portonovo (ría de Pontevedra) leven moitos anos celebrando a festa gastronómica da raia. No refrán *a boga en xaneiro sabe como carneiro* alúdese “á escaseza de peixe no inverno, en que pouco se pode ir ao mar —e menos en tempos pasados—, razón pola que o peixe ao que se lle dá pouco aprecio, como é o caso da boga, sexa valorado nesta época: cando hai falta de algo, incluso aquilo que non é bo vale”.

No refrán *o pulpo en xaneiro sabe coma carneiro* faise referencia a que no inverno é cando mellor sabe este cefalópodo, crenza que se debe, segundo Paco Rivas, “a que neste mes non se pode pescar debido ao mal tempo e, como todo, canto máis escasea, máis presta. Tamén temos rexistrado que en xaneiro, ou no inverno en xeral, o polbo é máis consistente, non ten polo medio dos raxos esas faixas anchas que os recobren, polo que estes teñen máis carne e tamén menos pel”. Na miña infancia cambadesa, onde o carneiro era un luxo que nas casas mariñeiras do barrio de Fefiñáns só se comía o 18 de xullo (día de Santa Mariña, patroa da parroquia) escoitaba (e sigo a escoitar) o refrán *en xaneiro a faneca sabe a carneiro*, porque se considera que é a época en que ese peixe está en sazón; con todo, estes últimos anos teño comprobado que en plena primavera a faneca dos trasmallos que se largan de noite na ría da Arousa, fritida unhas horas despois de pescada, sabe tan ben coma a do mes de xaneiro.

#### 4. Un quiñón de expresións con “tempo”

Nalgunha entrada hai algunha colocación ou expresión fraseolóxica co substantivo *tempo* para indicar bo estado do mar, como *estar o tempo declarado* (“Haber vento do noroeste; haber bo tempo. Á quedada deste vento soe marear ben o peixe”) ou ben indicar que é inseguro o estado do mar, caso de *estar o tempo trapalleiro* (“Facer un tempo non moi bo; con vento, auga, inseguro”).

Fronte a isto rexístrase por todo o dicionario un bo quiñón de colocacións co castelanismo *tiempo* para indicar mal estado do mar, como *caer moito (tiempo)* “Haber moito mar de fondo; haber ondas moi grandes

no mar acompañadas de ventos”; *coller a un o tempo* “Atoparse co mal tempo mentres se navega ou se está pescando”; *entrar o tempo* “Empeorar o tempo; pasar de estar bo o mar a estar malo; haber ondas grandes e ventos fortes no mar”; *estar duro o tempo* “Estar moi malo o mar”; *haber (moito) tempo* “Haber moito mar de fondo; haber moitas ondas e de tamaño grande”; *mar de tempo* “Ondas moi grandes sen vento”; *pegar co tempo* “Atopar o mal tempo nalgún lugar cando se está pescando ou navegando” etc.

Outras veces aparece ese castelanismo en expresións que se refiren a accións diversas que se fan cun barco cando hai temporal; é o caso de *abrigarse do tempo* “Protexer unha embarcación do mal tempo, xeralmente nun porto”; *afilar ao tempo* “Poñer proa ás ondas, ao vento, ao mal tempo, unha embarcación”; *correr co tempo* “Capear o temporal seguindo a súa dirección”; *ir para o tempo* “Poñer unha embarcación proa ás ondas, ao vento, ao mal tempo”; *navegar en busca do tempo* “Achegarse ao mal tempo coa embarcación e rodealo, para despois poder escapar máis fácil, poñéndose de popa ou de aleta a el” etc.

Os mariñeiros arousáns de Fefiñáns entre os que me eu criei usaban (e aínda usan) o castelanismo *tiempo* e o seu sinónimo *temporal* para designar o mal estado do mar provocado por ventos fortes. Moito lle teño escoitado a meu pai frases como *que tempo hubo esta noite!* ou *moito tempo tuvemos esta noite!* cando andaba ao mar de noite na ría da Arousa; e tamén frases con *temporal*, sobre todo para se referir a temporais no mar do Norte cando el navegaba en mercantes.

#### 5. Moita costa... e un pouco máis de mar

Neste dicionario de locucións, de ditos, de refráns e de colocacións (ou expresións fraseolóxicas) das xentes do mar da Mariña lucense, moitas das entradas conteñen notas extralingüísticas sobre a cultura mariñeira da comarca que lles dan vida ás frías definicións. A obra constitúe unha excelente contribución á lexicografía (e á etnografía) mariñeira, tan necesitada de traballos con material recollido a pé do porto (ou nas chabolas mariñeiras mentres se reparan as redes rotas ou se arman novos aparellos, como tantas veces fixo Paco Rivas) sobre un saber e un mundo

tradicional que vive en continua transformación, tal como se reflicte en diversas entradas en *De punta a chicote*. Trátase dun mundo aínda ben vivo, a pesar da profunda crise do sector pesqueiro.

É innegable a importancia do mar para os galegos, tanto polo gran número de km de costa —1.195 de Ribadeo á Guarda— como pola moita xente que nel tivo (e segue a ter) o seu principal modo de vida, ben nas praias e augas próximas ao litoral, ben en caladoiros a centos ou miles de millas de Galicia. Malia termos tanta costa, tradicionalmente na cultura galega, e na lexicografía en particular, houbo relativamente pouco mar, o que foi cambiando nos últimos anos. Aínda así, é moito o labor que queda por facer para que os galegos alleos á cultura mariñeira a coñezan e a gocen; e cando se acheguen á beiramar, de empregaren o galego, non falen de *barcas*, senón de *barcos*, pois en galego *barca* é termo xenérico para as construcións de madeira que navegaban nos nosos ríos, mentres que *barco* é termo xenérico que se aplica a calquera construción de madeira, de ferro ou doutro material, grande ou pequena, que se despraza sobre a auga do mar.

Moita xente galegófona seguramente descoñece a existencia dun termo fermoso como *gradicela*, propio de portos da ría da Arousa e da de Pontevedra (*grade* din os mariñeiros en Foz e noutros portos da Mariña e da ría de Vigo, *tallanta* ou *tixeira* dino na costa que vai de Ribeira a Malpica), pero seguramente coñece a forma estándar *estrelamar*, inexistente nas falas do noso litoral, ou ben *estrela de mar*, que se escoita nalgún porto. Teño comprobado que persoas con bo coñecemento do galego ignoraban a existencia de voces tan mariñeiras como *lañar*, *fasquía* ou *quiñón*, que pouco a pouco van sendo de dominio común, sobre todo nas acepcións figuradas, como xa o son, desde hai tempo, moitos termos do léxico agrícola despois de ampliarse semanticamente a súa significación; é o caso de *agromar*, *eido*, *escolma*, *espallar*, *esteo*, *quenda*, *xermolo* e tantas outras voces.

Arela que *De punta a chicote*. Así falan os mariñaos e o seu complemento *Entre o abalo e a zaranda*. *Léxico do mar* contribúan a que haxa algo máis de mar na nosa cultura e que locucións, expresións e voces propias dos mariñaos vaian formando parte da Patria da Lingua que une galegos e galegas de nacemento ou de corazón.

Francisco Fernández Rei  
Fefiñáns (mar da Arousa)

## TODA A CULPA É DO MAR

Toda a culpa a tivo o mar. Si señor, toda a culpa. Xa volo teño dito máis veces. E así foi, así é, e así será.

O mar é o culpable de case todo o que me pasou na vida; todo o que me pasou e me está a pasar...

Todo comezou cando o mar me ensinou a soñar. Hai anos —non sabería dicir cantos—, mentres a brisa estaba a acariñar a lúa que se arrandeaba nos cristais da ventá do meu cuarto, o mar estaba a cantar. Cantábame unha cantiga que musicaba o xogal da Raxoa (a poucos metros en liña recta dos beizos da ventá do meu cuarto) sobor de todo naquelas noites de inverniá, de ventos fortes, dun nordés que fendía mesmo os cristais da ventá e chegaba ao mesmo berce onde a min me deitaba miña nai... E veña, arrolo vai, arrolo vén... Logo, ese mesmo mar asubiaba no areal, no areal das Polas...; e así eu adormecía, e soñaba, soñaba... soñaba co mar, coas Polas, coa Raxoa, coas nubes de algodón que pola tarde debuxaban anos polo ceo adiante... O mar compúñame poemas —foi neste intre onde espertou a miña alma de poeta—; o mar cantaba nanas, arrollos, cun aquel de melancolía que miña nai acompañaba cun carabelo de beixos...

Chas-chas-chas-chas, era o tema.  
Rum-rum-rum-rum, foi o arrolo.  
Chas-chas-chas-chas, de ondas coro.  
Rum-rum-rum-rum, contra as penas.

Co tempo marchei... Lugo, Compostela..., outra vez Compostela e o mar nunca se foi do meu carón, mais..., xa non me arrolaba o canto do xogalal, nin a música coma de cachoeira do areal das Polas...; non, xa non tiña na faciana carabelos de beixos... Dende aquela sempre agardei e aínda agardo por esa cantiga que, coa complicidade da brisa, chegue á miña ventá e me arrole. Converteuse no vicio, na escusa, no argumento, na razón para me deitar. Por iso aprendín a soñar, a soñar esperto..., si, esperto..., aprendín que durmido soña calquera...; aprendín que nada máis espertar hai que empezar a soñar.

E así foi como na miña labouira de mestre, de filólogo, de escritor, de poeta, non atopei acougo lonxe do mar e así foi como naceron aqueles versos en Santiago, lembrades?

Estou preso en Compostela,  
non teño brisa nin vela  
e non podo navegar...  
—O MAR?

—O Mar, no bañador dunha estrela.

Ou estes:

Ergueuse o mar navegando,  
acariñouno unha brisa  
que o trouxo ata min remando.  
Ai que risa!  
se en Compostela se enteran  
que xa teño o mar á vista.  
Ai que risa!  
e que a brisa xa non rema,  
pintei de vela a camisa  
e o mar comigo navega.  
Ai que risa!  
que marchou de Compostela!

Ou estoutros:

E, se antonte era do mar,  
onda, areal, salseiro,  
hoxe só me queda o sal,  
que me acentúa o tormento.  
(De Compostela ao meu mar...,  
a soedade do vento...,  
silencio..., e o meu penar).

E voltei ao meu mar..., ao mar das Polas, ao mar do xogalal da Raxoa... e, ao voltar, qué vos hei dicir: O meu mar non era o meu mar, o nordés non era o meu nordés, a voz do xogalal non se arrolaba pola pariñeira; o areal das Polas nin asubiaba, nin cantaba, nin tan sequera choraba... Por iso decidín falar con el...

Cando neno xa dormías no meu berce;  
arrolácheste comigo no areal.  
Debuxei en acuarelas sempre verde,  
pregoeiche o meu amor dende rapaz...  
Hoxe mar, dende outro mar, estou pensando,  
tantas cousas das que temos que falar.

E falei, e falamos, porque o mar non gusta de monólogos...; e chorou, choramos, no xogalal, a carón do areal das Polas... E bagoamos a fío ata que unha onda amiga, máis ben unha andana de ondas, fixo un balbordo cheo de silencios —e meditamos os tres: o mar o silencio e máis eu; e miramos para o ceo, e falamos coa brisa, e cunha auxía que pasaba por entre dúas xarias de peixe que mareaban na tona da auga mesmo por entre os beizos da Orxal... E, de súpeto, empecei a lembrar todo o aprendido, todo o soñado e mesmo todo o que non tiña soñado...

E lembrei, lembrei cando me comecei a achegar ao mar no mesmo xogalal da Raxoa, cando me metín nel por primeira vez e me mergullei no seu abrazo..., foi no areal das Polas... E aprendín a navegalo, a



cabalgalo, cando con Senén, no bote de Xulio de Hermida —o coxo—, *andabamos ás corridas* a cabalo de ondas que cabalgabamos coma hoxe fan os surfistas... Con meu pai *anduvén aos pulpos, ás carambelas e pesquei ao zamaio*... Tamén *pesquei á vara* na posta da Fontecastro e *engadei con gueldo*...; e alí *escamaron os peixes* máis dunha vez..., outras *picaron no amocelo*... E *anduvén á olga* con Eufrasia —a Pallarega—, *á olga riza, ao gamote, aos malmoredos*... E despois..., as grandes aventuras... Dende o porto de Nois embarquei en grandes naos para cabalgar o mar... E co Merexo *anduvén ás nasas*, con Ignacio de Tadeo, andei *pescando á tina*, con Toño de Aurora *anduvén ao palangre*, con Vicente e Berto *andabamos a balar* cada día, cos Chabeas *voguei unha forcada*, ás veces *unha forcadiña*, e con Horencio *larguei de alba* máis dunha vez... Tamén Telmo me ensinou a andar con xeito para non *caer na nasa* ou mesmo a *coller os peixes pola gala*. Sí, cabalguéino mentres parolaba con el, e con eles..., e fun gardando todo no faio do trasacordo...

E aprendín a falar co mar..., do mar..., cos homes e as mulleres do mar..., e anotei, anotei tanto no faio do trasacordo que non me chegou...; e recorrín ao papel..., cadernos e cadernos de paroladas, papeis soltos collidos de calquera recuncho servían e aínda serven para mesmo debuxar estas paroladas... E así sigo vogando coas orellas ben espertas cada día.

E aprendín o verbo do mar e dos mariñeiros...; aprendín que tamén cando estamos en terra, dalgún xeito estamos no mar, estamos co mar... E así cando xogamos unha partida non acabamos dez a cinco senón que acabamos uns *a medio quiñón* dos outros... Na taberna *facemos muelle*, na discoteca as rapazas *cáganlle no amocelo e cómenlle a carnada* a aqueles que non saben conquistalas cando *deixan os aparellos largos*... Ao saír da taberna naide sae borracho todo o máis sae *coa cheminea á poxa*...; un *aproa á casa*, non vai para a casa...; os homes e mulleres non son altos nin baixos, nin guapos nin feos, son *finos de varenga* ou *teñen beizos de budión* ou mesmo *son de poxa caída*..., ata poden *levar unha vaga de mar no cabelo* despois de se peitear...; e non veñen os veraneantes, *veñen as avefrías*; ou *veñen tomar os baños* de setembro os *carolos*, ou os *carolos canónigos*...

Eu mesmo fun algún día á escabezada buscar un **truel** de *folas de mar* e estiven con el entre o *punto de preamar* e o *punto de baixamar*... Fun á ribeira de *mareas vivas* e de *mareas mortas* e sigo a ir e sigo a parolar e sigo

a anotar todo no faio do trasacordo e cando non caben máis soños nin paroladas, baléiroos aquí para vós..., e volta a empezar..., e así días e días, lúas e lúas, mareas e mareas..., campañas e campañas.

Eu, como xa vos teño dito, sigo debullando soños, paroladas..., no faio do meu trasacordo..., e así naceu este libro e outros que xa coñeces; e agardo que máis despois deste..., todo depende do mar e tres ou catro emproadas de brisa morna.

Así levo toda a vida por culpa do mar, por culpa dos arrollos da brisa na ventá da miña casa, por culpa da música de cachoeira no areal das Polas, por culpa dos alalás no xogal da Raxoa ou mesmo por culpa dun golfiño paseando por entre os beizos da Orxal... E por culpa de Ton, de Ricardo, de Vicente, de Berto, de Horencio, de Toño, de Ignacio..., por culpa das redeiras..., e por culpa miña.

E así naceron *Expresións e ditos populares da área mindoniense* (Diputación Provincial de Lugo, 1993), *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 2000), *Diccionario Fraseolóxico do mar. Así falan os mariñeiros* (A Nosa Terra, Vigo 2005)...; e agora este, *De punta a chicote. Fraseoloxía do mar*; este que como vedes non é nada novo, é un pouco máis do mesmo, ou máis dabondo, non sabería dicir... O que sí sei é que non será o derradeiro..., aínda quedan moitos soños por contar. Tamén sei que este diccionario que debulla expresións dos mariñeiros mariñeiros, non está completo sen *Entre a alba e a zaranda. Léxico do mar*; pois nel hai moitas aclaracións que complementan este, e ao revés, tampouco estoutro estaría completo sen este; así que o meu consello é que teñades os dous se queredes entender mellor os soños que neles vos conto, as historias que encerran..., as moitas paroladas que o meu mar e máis eu temos debullado xuntos.

Para este último diccionario levo catro ou cinco anos indo case que tódolos días pola **chabola** de Ton... Alí, con el, Ricardo, as redeiras, e outros paroleiros do *banco das mentiras*, todos eles cansos de ter conversas co mar, que viñan por alí a contar os seus soños, fomos metendo todo no faio do meu trasacordo, todo todo...; ata un pequeno estaleiro que tiñamos, que temos, mesmo ao pé de dúas *zorras* cheas de redes, nos

mandou no voo dunha vella gaivota un barco xeitoso, un *barco do xeito*, un *barco guarnido*, para que Ton lle desentrañase os soños por entre as cadernas... E Ton, sobre todo Ton, contou das súas paroladas co mar, e foi destripando pouco a pouco o barco, meténdose por entre as costelas, subindo e baixando a cuberta, pódose na proa ou na popa, en babor ou estribor as veces que fixo falta, sen présas, a modiño, como ten que ser, hai que soñar a modiño, sen présas... E as redeiras a *coser a biñón, a biñón e media malla*, mentres Ricardo lembraba aquela conversa que tivera co mar cando rompera contra a proa dun soño que tivera perseguindo unha xaria de auxías... Ton, ás veces, fregaba a cabeza tentando lembrar a faciana daquela vella sardiña cando a desmallou dun *roibén de alba* que *viña ao garete* polo mar a baixo...

Alí nacín un pouco eu, alí fíxenme mellor, máis do mar, máis da brisa, máis das auxías..., máis..., mellor... E aproei esta historia —si, este libro é unha historia que nace dun feixe de historias— con todos estes mariñaos e mariñás e dúas ou tres auxías dende a *flor da marea*. Non sei cantas lúas e mareas hai, pero si sei que hai moitos soños aprendidos e compartidos...

Graciñas amigos meus, graciñas e que o mar nos siga facendo bos e xenerosos...  
e aínda máis.

En Nois un día calquera dende a ventá do último soño que trouxo ata min a brisa...  
do meu mar.

Por certo o mar e máis eu xa comezamos a parolar, a soñar, outra vez...; non hai como falar para entenderse... Non si?... Seguirei a contarvos.

Apertas

PACO RIVAS

## NOTAS PARA O USO DESTE DICCIONARIO

Todas as entradas deste dicionario comprenden a indicación da categoría gramatical, a súa definición e as variantes formais e/ou sinónimos dun mesmo vocábulo na primeira entrada alfabética.

Seguindo un modelo de dicionario diferente, as entradas non informan da categoría gramatical —é dicir, o tipo de unidade fraseolóxica (locucións, enunciados fraseolóxicos, refráns etc.)— de cada unha delas, coa finalidade de contornar a vella problemática do tratamento lexicográfico de tales unidades no ámbito dos fraseoloxismos polos difusos límites internos que existen entre as mesmas, e de cuxo estudo sistemático se ocupa especificamente a disciplina fraseográfica, ficando así fóra dos obxectivos deste traballo.

Téñanse en conta as marcacións tipográficas que empregamos tanto nos lemas como nas definicións, da seguinte maneira:

1. Nos lemas:
  - 1.1. As frases e termos que coinciden co estándar de hoxe, isto é, formas consideradas normativas na lingua moderna actual segundo o Dicionario da Real Academia Galega, aparecen representadas en letra redonda **negra**.
  - 1.2. As palabras galegas non estándares, fundamentalmente dialectalismos e popularismos, distínguense das anteriores presentándoas en letra *negra e cursiva*.
  - 1.3. As palabras non galegas, especialmente castelanismos, preséntanse precedidas dun asterisco (\*). Os lemas que conteñen máis de un castelanismo están precedidos de dous asteriscos (\*\*).

2. Nas definicións:

- 2.1. A letra *cursiva* dentro das definicións utilízase tanto para remitir ás secuencias fraseolóxicas con entrada propia así como para marcar os exemplos de usos reais.
- 2.2. As aspas dentro das definicións utilízanse tanto para marcar palabras non estándares como ditos e expresións.

Con respecto ás decisións metodolóxicas tomadas para o tratamento das formas lingüísticas recollidas neste traballo debemos facer dúas breves precisións:

Ó se tratar de usos fundamentalmente orais específicos da fala mariñá, acontece que en boa medida non foran aínda rexistrados por escrito; tanto no caso de usos espontáneos como outras formas de pleno uso xa fixadas e estendidas, así como tamén aqueloutros usos en proceso de declive ou xa practicamente extinguidos, apenas remanentes na memoria ou no idiolecto dos mariñeiros máis vellos.

Por isto, aparecen recollidos e fielmente representados tanto os castelanismos como os vulgarismos, localismos e outras formas galegas non estándares, feito que responde ao criterio de obxectividade que guiou o noso traballo, tratando de representar de modo fidedigno os usos lingüísticos tal e como son producidos na fala mariñeira cotiá para non desvirtuar o seu sentido real.

Por outra parte, o feito de estes usos estaren na maioría dos casos conxugados cos usos orais producidos na fala mariñeira relativos á vida en terra dos mariñeiros implicou un minucioso procedemento de análise desde o propio proceso de compilación.

Así, neste dicionario atópanse locucións, frases, ditos, refráns e mesmo outras expresións que non estarían en ningún destes grupos e que moitos lingüistas consideran colocacións, combinacións frecuentes de palabras ou expresións fraseolóxicas.

## ABREVIATURAS DESTE DICCIONARIO

- ant.*: antónimo  
*fig.*: uso figurado  
*irón.*: uso irónico  
*var.*: variante

## A

**A aurelas tesas.**—Modo de soste dúas redes ou panos que se van coser (*coser a aurelas tesas*) —sempre *a biñón*— e que, tendo a mesma largura, teñen distinto número de mallas. Para iso ténsanse as beiras por onde se van coser e, dependendo do número de mallas, colleranse dúas ou máis da que ten maior número para que, ó remate, ambas as partes queden igualadas, evitando que queden fruncidas ou embebidas na cosedura.

**A baldes.**—Moito, en grande cantidade. *Haber peixe a baldes.*

**A barrabanco.**—Dise cando unha embarcación vén moi cargada de peixe, ata os topes. *Vir a barrabanco.*

**A biñón.**—Véxase *Facer biñón.*

**A boga en xaneiro sabe como carneiro.**—Fai referencia á escaseza de peixe no inverno, en que pouco se pode ir ó mar —e menos en tempos pasados—, razón pola que o peixe ó que se lle dá pouco aprecio, como é o caso da boga, sexa valorado nesta época: cando hai falta de algo, incluso aquilo que non é bo vale.

**A bon mar vas!**—1. *irón.* Utilízase exclamativamente, ou como advertencia, cando alguén dirixe a súa embarcación a un lugar pouco axeitado para os labores de pesca. *Pescar calamares na boca da ría? A bon mar vas!* | 2. *fig.* Aplícase cando alguén pretende que outra persoa lle axude, e unha terceira ten a certeza de que non o vai conseguir. *Pedir que che axuden a sobordar o bote? A bon mar vas!*

**A bordo.**—Estar en, ou sobre, unha embarcación. Estar dentro dunha embarcación. *Subir a bordo.*

**A carril de carro.**—Pequena desviación que se debe deixar con respecto ás referencias que se toman en terra cando se vai a unha posta no mar. Trátase, pois, dunha aliñación cunha pequena desviación entre esa posición no mar e as marcas de referencia, desviación necesaria para dar con esa posta, dado que de se enfilaren as marcas ou ben se pasaría ou se quedaría curto con respecto a ese lugar que se procura. Así, en Nois, hai un baixo denominado Petón, onde abunda o badoxo, e, para marcalo, os mariñeiros toman como referencia o Farillón —illote que hai en San Cibrao— e o Sarón —illote que se atopa entre Morás e Portocelo; aínda que o normal para marcar unha posta é ter estas marcas enfiladas, neste caso deben deixar unha pequena desviación entre a posta no mar e as referencias que se toman en terra (ou no propio mar se se trata de illotes, como neste caso), e por iso, para ir a esta posta, existe o dito “Farillón por Sarón, carril de carro polo medio”, isto é, hai que desviarse do enfilamento máis ou menos unha braza. *Estar a carril de carro.*

**A ceacú.**—Recuando, retrocedendo. Modo de navegar coa embarcación cara atrás, xeralmente cando se efectúan manobras dentro dun porto, utilizando os motores ou a remo, dependendo da embarcación. *Remar a ceacú. Navegar a ceacú.*

**A chapín.**—O total; o máximo posible. Estar unha embarcación cargada ata os topes; tan cargada que o carel<sup>1</sup> vai a nivel coa mesma. Carga grande de calquera cousa, xeralmente peixe. Moita carga. *var. Chapín-chapín. Vir a chapín. Vir chape-chapín.*

**A dar cun pau.**—Moito, en grandes cantidades. *Pescar a dar cun pau.*

**Á deriva.**—Desvío do rumbo previsto; situación na que unha embarcación vai sen rumbo nin dirección levada polo vento ou a corrente. *Ir á deriva. Navegar á deriva. var. Ó devalo. Ó garete. Ir ó devalo. Ir ó garete.*

**A embute.**—Moito, en grandes cantidades. *Pescar a embute.*

**A esgalla.**—Moito, en abundancia. *Pescar a esgalla.*

**A eurelas tesas.**—Véxase *A aurelas tesas.*

**A favor do \*tiempo.**—1. Navegar orientando a popa da embarcación ó vento, ó mal tempo. *Ir a favor do tempo. Vir a favor do tempo.* | 2. Protexer unha embarcación do mal tempo. *Abrigarse do tempo.*

**A feito.**—1. De principio a fin, do primeiro ó derradeiro, por xunto e sen escolla. | 2. Por extensión, pescar seguido. *Meter peixe a feito.*

**A fil de quilla.**—Designativo da dirección de algo, tomando como referencia a quilla da embarcación. Ir algo en dirección a esta parte do barco.

**A fil de roda<sup>2</sup>.**—Ir algo en dirección desta parte do barco, da roda.

**A flor de auga.**—Enriba da auga, na tona da auga. *Estar a flor de auga. Navegar a flor de auga.*

**A flote.**—Na superficie dun líquido; na tona da auga. *Largar a flote.*

**A gavelas.**—Moito. En grande cantidade. *Haber peixe a gavelas.*

**A liñó.**—Tipo de unión, mediante costura ó longo, de dúas redes. Consiste en pasar todas as mallas dando un nó cando xa vai un tramo de rede cosida —entre sesenta e oitenta centímetros— para que, no caso de volver romper, se deteña nun deles evitando novas roturas. Acostuma empregarse para coser redes enteiras ó longo. *var. A biñón.*

**Á luz.**—Forma de pescar que se leva a cabo de noite cunha luz que atrae o peixe para despois cercalo cunha rede. Para pescar con esta arte levábase na embarcación un bote cunha luz que se arriaba para atraer o peixe cara a esta; unha vez que o peixe se xuntaba, cercábase. Ultimamente non se leva este bote auxiliar, acéndese o alumado do barco e xa é suficiente para que o peixe se aproxime para cercalo, despois vanse apagando focos e cócese coa rede. Péscase con esta arte bocarte, chicharro, cabala etc. Nos últimos tempos tamén se pescan con luz as luras, con potera. *Andar á luz. Pescar á luz.*

**Á mantenta.**—Intencionadamente, adrede. *Facer algo á mantenta.*

**Á mao.**—Pescar sen axuda de ningún tipo de aparello. *Pescar á mao.*

**A mares.**—En moita cantidade. *Pescar a mares.*

**A mazo.**—En grandes cantidades. *Pescar a mazo.*

**A medio levantar.**—Ter o aparello sacado a medias da auga, faltando máis ou menos a metade por levantar.

**Á minuta.**—Ó instante, nada máis chegar. *var. Á minutiña.*

**Á minutiña.**—Véxase *Á minuta.*

**A ollo.**—Capturar —antigamente— peixe ou marisco desde un bote ou unha embarcación pequena, sen ningunha arte de pesca, mirando o

1. Carel é a parte dunha embarcación máis elevada con respecto á auga.

2. Parte curvada na proa dunha embarcación ó remate da quilla.